



DIRECCIÓN DE ENFERMARÍA DA ÁREA SANITARIA A CORUÑA E CEE

CONVOCATORIA INTERNA PARA O PERSOAL CON PRAZA FIXA NA ÁREA DETERMINADA DE
RADIOLOXÍA DO HOSPITAL ABENTE Y LAGO

A Dirección de Enfermaría da Área Sanitaria A Coruña e Cee

RESOLVE

A convocatoria de postos de TER para RADIOLOXÍA do Hospital Abente y Lago, conforme ás seguintes

BASES:

Primeira: Características dos postos que se convocan:

CENTRO	SERVIZO	CATEGORÍA	QUENDA	ÁREA	PAZAS
HAL	RAD	TER	TRS	SCREENING MAMA	1
HAL	RAD	TER	TRS	RADIOLOXÍA XERAL-TAC	1

Segunda: A cobertura farase segundo os criterios de mobilidade en área determinada recollidos na base décimo segunda da convocatoria do concurso de mobilidade interna do persoal estatutario fixo do 29 de decembro do 2020.

Terceira: O criterio de adxudicación será o de antigüidade como propietario na Unidade, sendo de aplicación no caso de empate o baremo xeral contido nas bases da convocatoria do concurso de mobilidade interna do persoal estatutario fixo do 29 de decembro do 2020.

Cuarta: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Complexo Hospitalario, mediante escrito dirixido á Dirección de Enfermaría no prazo de 7 días naturais a contar dende o día seguinte a data de publicación da convocatoria nos taboleiros da unidade e na páxina do Espazo Profesional.

A Coruña, a 20 de xullo de 2022

Asdo: Enrique González Rodríguez
Director de de Enfermaría